

O FOXO DE DEZA

APUNTES PARA UNHA DÉBEDA HISTÓRICA:
A SÚA REVITALIZACIÓN



CASA DA ADMINISTRACIÓN
ESTAFETA DE CORREOS
ESTANCO

CASA FIDALGA
CASA DA BOTICA

Alfredo Abeledo Penas

ÍNDICE

	pax.
Introdución	
Contexto Histórico e Xeográfico	3
Significado	4
Denominación de Pertenza	4
Importancia Histórica	5
Configuración Urbana	
Rueiro Medieval.....	8
Vivendas	9
Casas de Importancia	11
Poboación	12
Servizos	
A Botica	12
A Estafeta de Correos.....	14
O Estanco	14
O Portádego.....	16
Da capela na honra de S. Ramón ao altar de S. Roque	18
Fonte do Picho ou da Botica	19
O Lavadoiro ou Fonte do Rego.....	20
Casas Solaregas	
A Casa de Vista Alegre	21
A Casa Cuartel	21
Símbolos	
O Símbolo da Casa de Martínez	22
Interpretación do dintel da chamada “Casa do Ferreiro”.....	23
1ª Figura: A vara de medir do O Foxo.....	24
Exemplos semellantes.....	25
Comparativa do 1º Elemento do dintel da porta	25
A 2ª Figura: a tixeira de esquila	26
Semellanzas entre os diferentes grafismos e instrumentos	27
Conclusión	28
Bibliografía citada. Fontes documentais	30
Agradecementos	

O FOXO DE DEZA

APUNTES PARA UNHA DÉBEDA HISTÓRICA: A SÚA REVITALIZACIÓN

INTRODUCCIÓN

O FOXO DE DEZA, está dividido en dous lugares claramente diferenciados, Foxo de Arriba e o Foxo de Abaixo. Neste pequeno traballo, quero referirme especialmente ao lugar de Abaixo, por conformar o núcleo de poboación máis importante onde se ubicaban os centros de poder da época de esplendor.

A miña inquietude por saber deste núcleo xa naceu desde a infancia cando iba a xantar pola festa do patrón, 16 de Agosto, a unha das casas, a de Regina Sanmartín. Aquelas grandes edificacións, aquel camiño distinto de pedra, a mesma denominación...

O transcurso do tempo con esa ansia durmida, pero latexando, o fenómeno do Camiño de Santiago e as preguntas sen resposta, mesmo dos propios veciños, fixeron que hoxe despois dun tempo lles devolva pequenos retazos dunha parte da historia que quizáis eles descoñecen de maneira conxunta, e que o fin da Idade Media, a Desamortización e Nova Distribución Territorial do S. XIX, coa supresión da provincia de Santiago, condenaron ao máis absolutos dos esquecementos.

Agora queda lanzada a chamada ao ar. O Foxo precisa da súa revitalización. Forma parte do pasado máis importante do Concello de Silleda con episodios que están iniciados en capítulos, pero que todos temos que rematar. Algún paso xa está dado.

A Casa Cuartel, as restauracións da Casa de Joaquin Martínez son o primeiro exemplo a seguir. Tamén dignos de mención son os esforzos realizados por José Troitiño e M^a Josefa Costa, por Luis Sanmartín e Muller e sobre todo por Alfonso Costa e Sra, que mantiveron as liñas e estruturas das construcións máis antigas e para mín máis importantes dende o punto de vista etnográfico.

Dende aquí vai o meu rogo para que a casa materna se arranxe e se expoña ao público interesado que ben llo agradeceremos.

De Luis Varela queda dito todo coa súa “catacumba” católica debaixo da súa casa na honra de S. Roque. Hai quen dea máis?. Este pobo xa está erguendo os alicerces.

Neste libro, quedan aínda moitos capítulos. Cada veciño ten a súa páxina que desempolvar. As súas obras por facer. A Fonte, a Botica, o Lavadoiro, a Calzada, a Praza, O Cruceiro, a Casa de Correos e colindantes, a nova Capela, a ubicación das oficinas e gremios.

Agora as mesmas institucións que a condenaron ao esmorecemento deberán darlle o pulo preciso. Deso serán testigos, non só os propios do lugar, residentes e ausentes, senón os arrieiros de novo cuño, os peregrinos que acarresarán polo mundo as novas que no Foxo vaian acontecendo.

*Alfredo Abeledo Penas
Mes de Santiago de 2010*


CONTEXTO HISTÓRICO E XEOGRÁFICO

A época dourada do Foxo de Deza hai que situala con plenitude entre os séculos XVI e primeiro tercio do s. XIX.

Segundo o **DICCIONARIO GEOGRÁFICO- ESTADÍSTICO DE ESPAÑA Y PORTUGAL DE 1826**, página, 159:

FOJO: *Ald. R de España en Galicia, provincia de Santiago, jurisd. de Trasdeza, J. O., 64 vecinos, 291 habitantes, 1 parroquia. Situado en lo alto del camino real que conduce de Santiago a Ourense, entre los pueblos de Chapa y Silleda; terreno abierto y bien cultivado. Dista 5 horas de la capital.*

A Xurisdicción de Trasdeza, nesa época, constitúe a maior parte do actual término municipal de Silleda. Durante todo o S. XVIII e parte do XIX pertenceu á antiga provincia de Santiago, de maneira que os seus límites eran moi claros, “linda al L. con el río Deza, a P. con la jurisdicción de Tabeirós, al N. con el Coto de Carboeiro, y al S. con la jurisdicción de Montes. (1)



Mapa da Xurisdicción de Trasdeza

Trasdeza era unha das xurisdiccións máis orientais da provincia de Santiago, limitaba ao leste, coa provincia de Lugo polo río Deza, onde comezaba a xurisdicción do mesmo nome do río, e nestas terras se separaban os términos do Arcebispado de Santiago e Bispado de Lugo.

1- Contestación á pregunta 3ª do Interrogatorio General do Catastro de Ensenada

Tiña 24 feligresías, todas da provincia de Santiago, menos a parroquia de Parada, que dependía da provincia de Lugo. No aspecto eclesiástico dependían ao Bispado de Lugo e era de señorío xurisdiccional do Arcebispo de Santiago, quen nomeaba así mesmo ás autoridades civís.

Como resumo decir que “**a capital civil**” de Trasdeza estaba no lugar de “O FOXO DE DEZA”, e a xurisdicción era o Distrito do Foxo.

SIGNIFICADO

A Real Academia Española define Foxo, como “trampa para fieras consistente en un foso hecho con tierra y camuflado en la superficie con un cebo”.

No **ONOMÁSTICO ETIMOLÓGICO DE LA LENGUA GALLEGA**, de Martin Sarmiento, publicado por la Fundación Pedro Barrié de la Maza en 1999, na páxina 352 fala dos vocablos **Fogium Lobare o Lupale**, como el foxo o foso, para cazar los lobos.

No Concello de Silleda tamén atopamos o topónimo Refoxos.

DENOMINACIÓN DE PERTENZA

En caseque tódolos documentos antigos ten aparecido como DE DEZA, anque xa máis recentemente desaparece este calificativo de pertenza ou reproducese doutra maneira como DE SILLEDA. A explicación pódese atopar en que Foxos existían moitos e o caso máis próximo está no Foxo Corvelle, que se atopa preto de A Estrada. Así mesmo, aparece ao longo deste traballo a parroquia de Taboada asociado a “de Deza” en clara distinción a outros topónimos idénticos existentes na xeografía galega.



Mapa de Covello, 1880. Figura **Fojo de Deza** e Vista Alegre

IMPORTANCIA HISTÓRICA

Este pequeno núcleo é hoxe un dos conxuntos históricos máis antigos do actual Concello e da antiga Xurisdicción de Trasdeza, a vulgar pola cantidade de datos e documentos escritos que así o testimúñan.

Pódese dicir que a súa existencia e sobre todo importancia, é anterior á doutros lugares próximos, hoxe máis relevantes, como Silleda, A Bandeira, Lalín e Lestedo por onde pasa o Camiño Real de Santiago, chamado Sanabrés ou mozárabe na Vía da Prata. O **Mapa de Galicia de Ojea de 1603**, editado en Amberes, reflicte esta situación, cando sitúa ao Fojo de Deza como punto importante da zona, a beira do río Deza, na compañía dos asentamentos poboacionais de Prado, Graba, Chapa ou Lamela.



Mapa do Reino de Galicia de F. Ojea de 1612

Diversas fontes destacan a súa importancia como, cruce de importantes camiños medievais, paso obrigado de arrieiros, Camiño Real que unía Castela con Compostela e en consecuencia, vereda relixiosa para aqueles que dende o sul da península e noreste de Portugal viñan peregrinando ata a catedral de Santiago.

Por este enclave pasaban e xuntábanse o Camiño Real e os que procedían de Tabeirós e Aciveiro. En Silleda, bifurcábanse, un pola Ponte Taboada cara a Ourense e outro, camiño do Ribeiro por Camporrapado, (Cortegada), cruzando a Ponte do Pereiro cara ao Carballiño e Rivadavia.

Trala demarcación provincial de 1833, e despois de ser trasladada a capital do Concello, dende Chapa para Silleda, por Orde de 1853, a sede da alcaldía de maneira temporal estivo situada no Foxo de Deza. O traslado definitivo prodúcese no ano 1884 cando rematan as obras da Casa Consistorial de Silleda, tal e como se ve na actualidade.

Incluso a finais do S. XIX, en número de habitantes o lugar do Foxo chegou a ocupar o cuarto lugar despois de Silleda, A Bandeira e Freixeiro.

Na **HISTORIA UNIVERSAL DE LAS FUENTES MINERALES DE ESPAÑA**,(1765), de Pedro Gómez de Bedoya y Paredes, con motivo de sinalar unha fonte de propiedades curativas na zona de Deza, o autor xa no S.XVIII, toma como referencia ao Foxo para situar ese manancial. O máis interesante está en reflectir a distancia que había a Santiago, medida en leguas, o número de veciños, e sobre todo, a importancia como punto estratéxico dentro da xurisdicción. Así, na páxina 345 da obra cítase:

“En el Reyno de Galicia, siete leguas distante de la ciudad de Santiago, está un pequeño Pueblo, que tendrá como treinta, o quarenta vecinos, llamado Foxo de Deza, cuyo dominio corresponde al Ilmo. Sr. Arzobispo de dicha ciudad. A media legua de este, hay una puente llamada de Taboada de Deza, sobre un mediano Rio, del mismo apellido: caminando con su corriente y a un quarto de legua, a la parte de Levante, a la orilla , y cubierta con el agua de dicho Rio hay una fuente de bien poco caudal , llamada de Asneiro, la qual es caliente, sin olor, color, ni sabor estraño y está próxima a la Casa, que llaman de Liñares, que oy posee D. Joseph Taboada, Caballero principal del Pais, pero dicha fuente pertenece a la Jurisdicción del Lugar de Prado...”.(2)

(O arcebispo nesta data era D. Bartolomé Rajoy y Losada (1751-1772)

2- As leguas, divididas en vinte mil pés, que equivalen a 5572,7 metros, eran as utilizadas para medir os camiños de España, antes de adoptarse os Quilómetros do sistema métrico decimal. En 1769 unha norma establecía marcar os camiños cos "leguarios", que sinalaban as distancias. O punto cero estableceuse en Madrid e aínda se atopa na Porta do Sol.

Carlos IV de España, por Real Orde de 26 de Xaneiro de 1801, estableceu: “Para que la legua corresponda próximamente a lo que en toda España se ha llamado y llama legua (que es el camino que regularmente se anda en una hora) será dicha legua de veinte mil pies, la que se usará en todos los casos que se trate de ella, sean caminos Reales, en los Tribunales y fuera de ellos.”

CONFIGURACIÓN URBANA

RUEIRO MEDIEVAL

O Foxo constitúe un tipo de asentamento chamado “Rueiro”, característico de hábitat concentrado onde as distintas vivendas se construíron formando grupos homoxéneos, xurdidos como consecuencia do trazado dunha vía principal importante.

Na obra, **“El Camino a Santiago por el Sudeste”**, a información que aportan os seus autores Manuel Reimóndez Portela, José Espiño Matos e Mariano Sinde Lamela é moi ilustrativa cando fan a seguinte descrición: ***“Ilegamos al Foxo por una calzada que va entre las casas desde el este para encontrarse con amplio lavadero y fuente que llaman “fonte do rego”, donde también hubo un cruceiro; siguiendo la calzada entre dos filas de casas observamos la estudiada disposición de las piedras, su lomo al centro y desagües laterales”***.

O paso obrigado de camiñantes de diverso rango, marcaron a vida desta aldea, xenerando os servicios que os visitantes demandaban en cada ocasión: casa para o descanso das persoas e animais, ferreiros, boticarios, estafeteiros, estanquilleiros e como non, cobradores de impostos, lavadoiros, fontes, capela de servicios relixiosos e... máis tarde a casa cuartel.

Dentro do anecdotario, para máis gloria desta poboación, entre os peregrinos ilustres que admiraron estas construcións hai que destacar durante o S. XVIII o paso de D. Lucas Bustos de la Torre, Bispo de Lugo e de Frei Juan Muñoz de la Cueva, Bispo de Ourense que peregrinaban a Santiago. No caso deste último, sábese que no ano 1728 pernoctou no Hospital de Peregrinos de Chapa cando se dirixía á Catedral para facer a ofrenda no nome do Rei Felipe V e que morreu ás portas de Santiago, pola entrada de Mazarelos, ao caer da mula na que ía subido acompañado do seu séquito.

No momento de rematar este traballo a historia volve a repetirse con outra pasaxe tamén espectacular. O día 5 de agosto

de 2010, ano xacobeo, O Foxo foi testigo unha vez máis do paso de ilustres peregrinos. Estes dirixían un grupo de 660 persoas a Santiago con motivo dun Encontro Internacional da Xuventude. Sirva este documento para deixar constancia escrita dos nomes e a diócese á que representan: son D. Jesús Saínz, Arcebispo de Oviedo, D. José Ignacio Munilla, Bispo de S. Sebastián, D. Ciriaco Benavente Bispo de Albacete, D. Antonio Algara, Bispo de Ciudad Real, D. Juan José Onella, Bispo de Calahorra- La Calzada – Logroño e D. Jesús García Burillo, Bispo de Avila.

VIVENDAS

No medio rural galego de principios do S.XVIII existían dous tipos de vivendas. O tipo predominante era a **“Casa Terrea”** rodeada de terra de cultivo, de forma rectangular e as máis das veces de medida superior pola fronte con respecto ao fondo. Anexos á casa está o curral, ás veces a eira e as cortes.

Tamén en menor medida existían as **“Casas de Alto”**. O frecuente debía ser un piso en altura, anque non hai moitas noticias. Na parte inferior estarían as cortes dos animais e no piso de enriba residirían as familias. Solían ser usadas polos fidalgos e xente máis pudente en razón á súa maior confortabilidade.

Nesta época, en Silleda, a porcentaxe sería de dúas casas das terreas por unha de alto.

No Catastro da Ensenada, relaciónanse estes datos, para a xurisdicción de Silleda no ano 1752: número de casas de alto e terreas, o seu aluguer e o índice de conversión de habitantes/ veciño por aldea.

As cifras non poder ser máis elocuentes. **O “Fojo de Deza” tiña 10 casas terreas, por 12 casas de alto cun índice de 3,85 habitantes/veciño.**

Para constatar a importancia deste núcleo hai que dicir, por exemplo, que Silleda Lugar tiña 9 casas terreas por tan só 2



Casa Terrea de Luis Sanmartin, medida en varas.

de alto, cunha porcentaxe de 2,77 habitantes por veciño. A Mera tiña tódalas súas casas terreas e un dos índices máis baixos con tres habitantes, e Campo, coa porcentaxe de casas de alto máis elevada, tiña o índice superior con 4,6 habitantes por veciño.

Así mesmo **no Foxo de Deza o aluguer de casa de alto era superior a de ningún outro lugar cun prezo de 122 rs, anuais** fronte aos 32 rs das casas de Mourellos ou os 22 de Outeiro. Esta información amosa o valor dos inmobles e as especulación a que se sometía o negocio dos arrendamentos.

Como exemplo vivo destas casas terreas, hoxe temos a sorte de poder contemplar dúas restauradas; unha a de Luis Sanmartin e outra, no Foxo de Enriba, no camiño que sobe dende a estrada N 525, pertencente a José Méndez e Luisa Ares, que lograron manter con toda a fidelidade a morfoloxía e características externas.

CASAS DE IMPORTANCIA

Na rúa principal de O Foxo, aínda hoxe se aprecian restos desa diversa tipoloxía de construcións, onde quedan en pé moitas das casas de alto das que falamos. Destacan, como edificacións de moita relevancia da época, a **Casa de Martínez de 1793**, a **Casa Cuartel**, a **Casa da Botica**, e, xa confundida coas hedras, a que según declaracións dos veciños foi temporalmente casa do Concello de Silleda e antes a **Casa da Administración**.

Esta edificación, moito máis humilde, estaba dividida en varios espazos dedicados, na pranta baixa a Estafeta de Correos e Cobros de Portádego, e na pranta alta a Casa do Administrador e representante Real para o cobro das rendas e outros servizos de carácter fiscal.

Os mesmos propietarios, herdeiros de José López coñécena como a Casa de Correos.



Porta de Entrada á Casa da Administración Real das Rendas do Partido do Foxo de Deza.

POBOACIÓN

Na primeira metade do S. XVIII vivían nel entre 30 ou 40 veciños, 140 almas. Tiña máis habitantes que Silleda

No ano 1752, segundo se desprende dos datos do Catastro da Ensenada, o Foxo de Deza, tiña 22 casas habitadas cunha media de 3,77 habitantes de media por veciño, é dicir, un total de 83 persoas, por 11 casas de Silleda, cunha media de 2,7 resultanto unha cantidade absoluta de 33 habitantes.

Nos comezos do S. XIX, tal e como nos describe Carreras Candi, tiña no ano 1809, 126 habitantes cando Silleda rexistraba 281.

Segundo datos obtidos do Padrón vixente de habitantes do Concello de Silleda, en data **1 de xullo de 2010 o lugar do Foxo ten unha poboación censada de 60 persoas (33 mulleres e 27 homes)**, entendendo que aparecen incluídos os dous lugares de, o Foxo e Riba do Foxo.

Os datos evidencian unha evolución negativa cun decrecemento progresivo a favor de Silleda que, debido a factores políticos e socioeconómicos, adquire un protagonismo e relevancia que chega ata aos nosos días, en que Silleda casco urbano rexistra ó día de hoxe, 3115 almas, caseque un tercio da poboación total do Concello con 10.152 habitantes (datos do padrón municipal).

SERVIZOS: A BOTICA, A ESTAFETA DE CORREOS, O ESTANCO, O PORTÁDEGO, A CAPELA, A FONTE DA BOTICA, O LAVADOIRO.

A BOTICA

No Catastro da Ensenada, na relación de oficios e servizos existentes no S. XVII- XVIII, aparece **en toda a Xurisdición de Trasdeza un só Boticario**, que por dedución e a raíz das declaracións dos veciños tiña o seu establecemento no Foxo. Estaba situada no medio do pobo, tamén xusto a beira da casa

do dintel labrado e caseque diante a fonte que leva hoxe o mesmo nome. A placa identificativa feita tamén en pedra de cantería, existe anque tapada por causa da ampliación que fixeron os seus propietarios aínda no século pasado.

Da información que puiden obter, tan só transcribir a anécdota sobre o estado de saúde do boticario que rexentaba o comercio a mediados do S. XVIII.

A Curación do Boticario

Na **HISTORIA UNIVERSAL DE LAS FUENTES MINERALES DE ESPAÑA**, de Pedro Gómez de Bedoya y Paredes (1765).



Casa da Botica, moi transformada

Na páxina 44, Cando se trata de defender as propiedades das “Caldas de Cuntis” aparece este informe: ***“El boticario de Foxo de Deza, sobre ser muy obeso, estaba baldado y sin usos de pies, ni manos; pero haviendo sido conducido a nuestras aguas, se volvió a su casa agil, y bueno.ya ven Vms., que son estas bastantes pruebas, para que conozcamos, la eficacia de estos Baños en las referidas enfermedades”.***

A ESTAFETA DE CORREOS

Na obra “**CONTINUACIÓN DEL ALMACÉN DE FRUTAS LITERARIAS O SEMINARIO DE OBRAS INÉDITAS**” Tomo IV.(**1818**). Na páxina 56 aparece o seguinte texto *“En los lugares de Prados de Deza y villa de Fojo de Deza hay administrador de tabacos, y estafetilla para la correspondencia de ellos y todas sus Inmediaciones...*

No manual titulado “ **Dirección general de Cartas en f o r m a d e Diccionario**”, para escribir a todas las ciudades... de toda España para mayor facilidad del Comercio, y correspondencia pública de sus naturales y extranjero (SIC),escrita por Bernardo Espinalt y Garcia e publicado na imprenta Pedro Sanz,



Estafeta de correos

1835, aparece Foxo de Deza como punto de referencia para poder realizar envíos de correspondencia coa garantía de que serían recibidos e entregados en destino, gracias a que neste lugar **existía unha estafeta cun responsable estafeteiro**. Na páxina 178 desta obra aparece a localidade nun listado, como **Foxo de Deza en Santiago**, precedido de Foxo en Oviedo e antes de Foxo de Nogueira en Lugo.

O ESTANCO

Desde que o martes 6 de novembro de 1492, Luis de Torres e Rodrigo de Jerez, descubriran o tabaco na primeira viaxe de Colón, os españois, deseñaron sistemas de plantación, cultivo, e comercio dos labores.

No século XVII deu lugar a unha nova fonte de ingresos para o “Real Herario”, mediante a creación do Estanco do Tabaco. A Renta do Tabaco convertíuse nunha das máis saneadas da Facenda. Así o recoñecía o ministro do ramo con Felipe V e Fernando VI. O Marqués da Ensenada, chegou a afirmar no 1747 que “las rentas del tabaco son las máis pingües de la Monarquía....”.(3)

Sendo monopolio real desde o S. XVI e de prezo moi elevado, polo 1684 coexisten dous tipos de establecementos para a súa venda: **as tercenas e os estancos**. As primeiras eran despachos situados na sede de cada administración e abastecía aos segundos. No ano 1740 en que se promulgan as “**Instrucciones y reglas universales para el mejor gobierno y administración de la renta general del tabaco de cuenta de la Real Hacienda**”, tódolos responsables da rede de distribución eran considerados empregados de “Hacienda”, proporcionándolles para o cumprimento das súas funcións casa, luz e o aprovisionamento de tabacos.

Con esta normativa regúlase a existencia de dous tipo de estancos: de décima e de salario. Os primeiros non eran despachos en exclusiva, senon que compartían a venda con outros artigos. Os estancos de salario eran aqueles nos que as vendas compensaban o mantemento dun empregado a soldo. Os estanqueiros víanse obrigados a acudir cada semana á Administración para efectuar a Saca e aboar o produto das vendas. Estes non podían ser xudeus, tiñan que ter bo comportamento e correctos modais cos clientes e que saber ler e escribir...” (4)

A importancia do Foxo de Deza neste par de séculos tamén se remarca coa existencia dun **establecemento da categoría de Tercena ademáis de Estanco**. Sábese que a principios do s. XIX, existía Administrador de Tabacos e das Rendas producidas pola expendición de produto. Chamábase **Agustín Pita**, e son varias as alusións que aparecen en diversos documentos fehacientes, sobre todo nas Actas levantadas pola Xunta

3- García Layunta, Raúl.” *El estanco en España: vocación de servicio público*”.
4.- García Layunta, Raúl.” *El estanco en España: vocación de servicio público*”.

Gubernativa de Trasdeza, formada no ano 1809 para a loita contra o exército francés, da que formaba parte como vocal polo estamento lego e que estaba presidida por José María de Rivas y Taboada veciño e dono das casas de Campo e Sestelo. (5)

Das devanditas actas e acordos da Xunta de Defensa de Trasdeza dedúcese que era administrador da real renda de tabacos e outras rendas, tiña catro agregados para a súa función recadatoria e dispoñía de casa propia no mesmo lugar do Foxo, onde tiña o almacén de aprovisionamento do material que logo distribuía nos estancos. (6)

Hai outra referencia, que aparece nun listado elaborado en Madrid, en data 1816 con motivo dun Curso Maxistral organizado para asuntos agrícolas.

Na páxina 411 da obra **“LECCIONES DE AGRICULTURA EXPLICADAS EN LA CATEDRA DEL REAL JARDIN BOTANICO DE MADRID EL AÑO 1815** dadas por D Antonio Sandalio de Arias y Costa, citase entre a Lista de suscritores a **“D. Antonio Pita Administrador de rentas reales del Partido del Foxo de Deza:”**

O PORTÁDEGO

O Portádego era una imposición cobrada sobre a circulación de mercancías, basándose na necesidade de protección e seguridade, ofrecidas ao tráfico de mercadorías.

Normalmente cobrábase de forma centralizada nun único punto, polo cal debían pasar as mercancías sometidas a gravame. Tal punto, xeralmente é unha porta, substantivo do cal deriva o término.

No ano de 1763, poucas portaxes detentaba a Mitra Compostela a xulgar polo informe solicitado polo Consello Real aos Intendentes de Galicia e León, con motivo dun pleito celebrado entre os arrieiros maragatos e os donos dos portazgos.

5.-Rivas Martínez Roberto. *Faro de Vigo. Trasdeza planta cara a Napoleón.*
6.- P. Juan R legisima. *Héroes y Mártires Gallegos. Páxinas 845- 847.*

Entre eles, no informe aparece o portádegos de Foxo de Deza, que *“pertence por metade ao Arcebispo e a D. Francisco Sarmiento, dono da Casa de Petán. Consistía en catro mrs por cada carga de sardiñas e dous mrs por cada caballería “zerri”*. (7)

No século XVIII na Xurisdicción de Trasdeza destacaba o cultivo industrial do liño. Tiña que soportar a competencia do de Francia, Flandes e Holanda, de mellor calidade. A pesares del, cultivábase para uso dos propios habitantes constituindo a “industria doméstica de transformación máis típica. Delo dan boa conta a cantidade de tecedeiras e palilleiras censadas na zona, sobre todo en Cortegada e Taboada. Segundo conta Hilario Rodríguez na súa obra “La Tierra de Trasdeza, una economía rural antigua”, *“Al año se vendían en las ferias de los términos de la jurisdicción, 748 libras de lino por lo menos, cifra muy significativa del desarrollo de esta planta”*. (Páx. 118)

Xa por esas datas, máis concretamente en 1804, na Obra de José Lucas Labrada, citase A Bandeira porque celebraba a súa feira o día 14 de cada mes, e en Silleda tiña sona a do 18, antes de pasar a facelas os días 6 e 23. **(D. José Lucas Labrada “DESCRIPCIÓN ECONÓMICA DEL REINO DE GALICIA” pola Junta de Gobierno del Real Consulado de La Coruña 1804).**

Nesas datas, toda a Xurisdicción de Trasdeza, menos a parroquia de Refoxos, é de señorío do Arcebispo de Santiago, que ***cobra un real por vecino de “Servicio”; y por el portazgo del lugar del Foxo cobra 30 reais de vellón***. (páx. 89 da obra de Hilario Rodríguez).

Na resposta 2ª do interrogatorio di que se pagan **30 rs por portádegos do lugar do Foxo**. Estes 30 rs. vense confirmados no Real de Legos de Silleda ao dicir que D. Francisco Sarmiento veciño de Pontevedra cóbraos por portádegos... “Derechos que se perciben por dejar pasar ganado por sus tierras”. A. H.P. de Pontevedra.

7.- Pontevedra Planteamiento Histórico y Urbanístico. Rentas Señoriales. Rentas de Vasallaje. Portazgos. Páx. 92.

7.1- Zerril: gando mular, cabalar ou de vacún non domado.

Francisco Sarmiento de Sotomayor apacece no ano 1752 como dono e señor dos bens e rendas forais das casas e **Torre Fortaleza de Costela**, como herdeiro do seu irmán Diego Sarmiento de Sotomayor Mariño de Lobeira, sendo tamén dono da Casa Pazo de Petán situada na parroquia de Corzanes (Salvaterra de Miño). (8)



Torre de Costela

Esto vén ao caso, cando na resposta 25 do interrogatorio do Catastro de la Ensenada, se dí. ***“Pagan 44 rs al estafetero del Foxo de Deza, que percibe de cada libra de lino, que se vende en las ferias de los términos de la jurisdicción 2 mrs”.***

DA CAPELA NA HONRA DE S. RAMÓN AO ALTAR DE S. ROQUE

Son moitos os veciños que aínda lamentan a desaparición da Capela do S. Ramón, e a forzada marcha do santo Patrón, que buscou refuxio na veciña igrexa de San Fiz. Venerábase nunha humilde construción existente á esquerda da rúa, unha vez pasada a casa da Botica, camiño de Santiago nos lindes coa feligresía de Margaride.

Distintas circuntancias que se sucederon alá polo século XIX e a teima dalgúns que reclamaban un lugar e un Santo que os protexesen das calamidades e infortunios, tanto dos animais coma dos feligreses, fixeron que hoxe nos baixos da casa de **Luis Varela Iglesias**, S. Roque, que casualidade, o peregrino por excelencia, dispoña dun espazo digno con cabida para un cento

8-La Torre Fortaleza de Costela y los Sarmientos de Sotomayor, Manuel Fernandez Rey. Descubriendo Deza .Edición 2007.



de persoas, e dun altar onde tódolos anos, polo 16 de Agosto se lle fai unha misa na súa lembranza. Sería o destino o un milagre, pero o Foxo, o Camiño Real de Santiago, o Camiño Mozárabe ou a Vía da Prata, xa téñen o seu “Iaribus vialibus”.

Tan só queda que outro milagre levante un oratorio como é debido, no mesmo corazón do lugar para dar acubillo aos peregrinos co S. Roque, e aos veciños co desaparecido S. Ramón.

Todos lles quedarían agradecidos. Por que non comezar cun peto de ánimas para esta xusta obra?

FONTE DO PICHO OU DA BOTICA

Todo no Foxo téñen o seu significado, a súa función como núcleo de servizos. A Fonte da Botica, situada a poucos metros da outrora farmacia, con auga escasa pero potable, segundo a análise feita polo Concello no mes de Maio de 2010, aínda mana durante o inverno e primavera.

No verán, esgótase. Queda unha solución definitiva. **Colocar unha billa de presión ao seu carón conectada á auga da traída que transcorre pola beira da pista**, para aquel, veciño ou peregrino que queira servirse dela. Todo require un saneamento en condicións e un proxecto do Concello para que volva ser o Picho de todos.



O LAVADOIRO OU FONTE DO REGO

Calquera lugar que se preciase, antes da chegada da auga da traída e da introdución dos electrodomésticos nas casas, tiña o seu lavadoiro comunitario, que servía entre outras cousas de abrevadeiro para os animais e de fonte para uso doméstico. O Foxo, xusto na praza formada pola Casa de Correos e Concello



tiña e aínda téñen ese lugar noutrora recuncho para o encontro veciñal feminino, que a cotío se reunía tamén para airear, dito sexa de paso, os trapos limpos e sucios, que de todo había.

A obra restaurada por última vez polo Alcalde Alfonso Trabazo, hoxe precisa dun novo acondicionamento, acorde a importancia que O Foxo debe recuperar como legado histórico dun Concello, Trasdeza, con pouca historia que contar. Aquí neste preciso lugar, conviña situar a praza da antiga capital, que nunca tivo e que agora os veciños e peregrinos agradecerían. **Bótanse de menos uns bancos, o cruceiro que non hai moito presidía a rúa e algunha farola que iluminase este espazo tan entrañable noutras concentracións semellantes.**

CASAS SOLAREGAS

A CASA DE VISTA ALEGRE

Pertencente a Margaride, pero moi vencellada ao Foxo, tivo unha importancia capital na loita contra os franceses durante a Guerra da Independencia, cando no ano 1809, o pobo de Trasdeza lle plantou cara poñendo a fronte a tres dos máis significados líderes, todos nados nesta casa fidalga. Os irmáns Gregorio, Benito e Manuel Ramón Martínez Pereiro, xefes do exército constituído pola Xunta de Defensa de Trasdeza, os dous primeiros e tesoureiro o último, dono da casa.

A CASA CUARTEL

A coñecida como Casa Cuartel era propiedade de Carmen Cerviño por compra realizada nos anos 20. Foi dada en herencia ao seu fillo Ramón García Cerviño, Médico da Mariña Republicana, exiliado en México, e logo herdada pola súa filla Marta García Fernández, tamén residente en México.



Casa Cuartel

Da súa importancia dan boa conta os feitos históricos que lembran a Guerra da Independencia, cando o 18 de Marzo de 1809, se reuniron os voluntarios de Trasdeza ás ordes do capitán Cachamuiña con 600 soldados, para baixar a defender o enclave da Ponte Ledesma. (9)

9- Na “*Geografía del Reino de Galicia*” de Carreras Candi, (1936), hai unha pasaxe moi significativa da súa relevancia cando di: “En la casa de Foxo de Deza, en 18 de Marzo de 1809 volvieron a reunirse y deciden cumplir lo acordado con el capitán Cachamuiña y bajar con él y con sus 600 soldados en la tarde del mismo día al puente de Ledesma”. (páxina 640). Tiña nesas datas 126 habitantes por 281 de Silleda.

SÍMBOLOS

O SIMBOLO DA CASA DE MARTINEZ (1793)

O **víctor** é un símbolo acuñado no Imperio Romano que co transcurso do tempo convertíuse no escudo dos romanos como, Víctor ou Escudo da Victoria ou Victorioso

No S. XV foi adoptado por algunhas universidades españolas, como a de Salamanca e máis tarde a de Alcalá de Henares **como emblema para os doctores**, en inscricións murais con pintura vermella que aínda se conservan na actualidade.

Como símbolo tradicional das paredes salmantinas, consiste nun anagrama de cor vermella que combina as letras V,I,C,T,O,R dispostas a criterio do pintor, que forma a palabra Victor, que **en galego ou castelán debe ser traducida por Victoria**.



Símbolo no portón de entrada



Victor en Salamanca

*Casa de
Martínez de
1793*



INTERPRETACIÓN DO DINTEL DA CHAMADA “CASA DO FERREIRO”

Un dos enigmas que máis interpretacións suscitan no Foxo, son as famosas marcas e gravados que existiron ao longo da rúa principal. Entre elas, destacan, por riba das inscricións da Casa de Postas ou da desexada placa da Botica, hoxe tapada, os signos existentes no dintel da porta da casa propiedade do Sr. Fraiz, situada mesmo no cruce existente no medio da calzada, onde se produce a bifurcación, Margaride pola Casa de Vista Alegre cara a Santiago e o camiño cara ao Norte en dirección a O Castro Carboeiro.



A Pedra, de 43 cm largo por 150 de longo, colocada como dintel na Casa nº 34, **contén dous elementos horizontais labrados cunha profundidade de 0,5 cm aproximadamente.**

Nun plano superior, unha figura rectangular , que parece **unha regra**, sobre o que se antoxa ser un instrumento que ao decir dos viciños lembra unha **tenaza**. Con esta simboloxía moitas son as significacións que se dan: taller do ferreiro, lauda dun peregrino, casa do peregrino,...

Na miña humilde apreciación e despois de algún tempo de facerme preguntas, en principio esta plancha de pedra **contén dúas figuras, que tendo sentido por sí soas, no conxunto revelan cando menos que esa casa tivo moita importancia no tráfico comercial**, entre outras razóns: polas labras, por ser casa de alto e pola situación xusto no medio da rúa, coa fachada pechando a mesma, como facendo de fronteira e control e diante da bifurcación do camiño real. Trátase dunha edificación estratéxica.

Hai unha cuestión de fondo. **A dúbida de se esa pedra estivo sempre colocada nese marco ou se pertencía a outra edificación. A lonxitude co corte en bisel rebasa os propios soportes laterais indicando que a porta orixinal tiña outras dimensións notablemente superiores.**

Con estas premisas convén analizar cada unha das labras, polo interese que amosan dende un primeiro momento:

1ª FIGURA: A VARA DE MEDIR DE O FOXO

Esta primeira figura situada nese plano superior do dintel da porta, ten unhas dimensións de 0,03m por 0,835 m. **Semella unha regra ou vara**, separada do outro elemento co que en principio parece non ter nada que ver, xa que logo no está no mesmo plano. Nalgúns aspectos fai recordar as laudas gremiais de Noia.

As cifras non deixan lugar a dúbidas!!!. Coinciden exactamente coa unidade de medida medieval, tomada como patrón en caseque toda a península, antes de ser establecido o metro como medida mundial aprobada en Paris en 1790 e declarada obligatoria en España o 19 de xullo de 1849.

Este instrumento, como medida de lonxitude, medía 0,8359 metros e estaba dividido en dous codos, tres pés ou catro palmos. Acolíase así á Vara máis usada. A coñecida como Vara Castellana ou de Burgos, que era aplicada en caseque toda España.

A Vara Castellana ou de Burgos, adoptada como oficial segundo o antigo sistema de pesas e medidas españolas de Castilla de 1852 tiña exactamente 0,835905 mts., xusto o que mide a vara do Foxo.

EXEMPLOS SEMELLANTES

Nesta tesitura, existen outras coincidencias que nos aproximan a poboacións que ao longo dos séculos tiveron a súa importancia histórica como enclaves comerciais.


É o caso da Vara de Medir de Zafra en Badaxoz, do século XV esculpida nunha columna e que empregaban nos mercados da cidade para medir teas, cordas, arames, etc. Outra semellante existe marcada en Coria, tamén en Extremadura situada nunha das portas da muralla de entrada á cidade.

COMPARATIVA DO 1º ELEMENTO DO DINTEL DA PORTA

Non deixa de ser curioso que tanto Zafra coma o Foxo estean situadas na Vía da Prata, no Camiño de Santiago, para ser exactos, sexan poboacións históricas e con grande trasego de mercadorías. No Foxo éstas, como lugar de paso cara a capital da Provincia de Santiago, estaban suxeitas a un control, non tanto de venda coma de tributo real por portádego.



*Vara de
Medir de
Zafra*



Vara de Medir de O Foxo (fig. esqda)

A VARA DE MEDIR DE ZAFRA

Nesta importante vila de Extremadura, o mercado local tivo a seu asentamento nas Prazas Chica e Grande, cuns soportais que acollían os negocios dun novo comercio comarcal. Na praza Chica celebrábanse dende 1830 os mercados semanais polo que alí estaba a oficina do almotacén, funcionario encargado de revisar o pesos e medidas e tiña gravada no fuste dunha columna a chamada Vara de Zafra, para que o cliente puidese comprobar directamente a veracidade da medida do xénero adquirido.

A 2ª FIGURA : A TIXEIRA DE ESQUILAR

Con respecto a esta segunda labra, as opinións que recollín tamén foron diversas, desde a máis común, como tenaza dun ferreiro ata a figura sintetizada dun peregrino que se acompañaba do báculo (a vara), para realizar a súa andadura. A miña hipótese faima relacionar, pola súa semellanza, cun instrumento de uso moi antigo e de grande importancia no medio rural sobre todo no medio gandeiro. Trataríase da Tixeira de Esquilar. Esta ferramenta tería a súa aplicación para cortar a lá procedente das ovellas, moi abundantes nos séculos que vimos abordando. Por extensión podía aplicarse á figura **do tecelán, fabricante de panos e de roupa e por relación a un comerciante que traballaba ao por maior.**



Lousa sepulcral dun tecelán co símbolo da tixeira (Noia)

Existen uns referentes moi interesantes no museo de laudas de Sta. María a Nova de Noia, onde se mostra unha lousa gremial que pertencía a un tecelán e que ten un relevo moi semellante á inscrición que aparece no Foxo.

Abundando no capítulo do anecdotario, nesta vila medieval de Noia, o **gremio dos teceláns tiñan como patrono a S. Roque.**

Así mesmo, nas ilustracións que se acompañan pódese observar unha tixeira de uso aínda relativamente recente. Úsase na Rapa das Bestas de Sabucedo, e describenos un deseño caseque idéntico, que ao meu modo de ver non ofrece ningunha dúbida.

SEMELLANZAS ENTRE OS DIFERENTES GRAFISMOS E INSTRUMENTOS



Signo da casa do Foxo de Deza



Lauda Gremial sepulcral dun Tecelán, existente na Igrexa de Sta. María a Nova de Noia. (Detalle)



Tixeira de Esquilar Tradicional, usada na Rapa das Bestas de Sabucedo

CONCLUSIÓN

Nun primeiro momento atrévome **a desterrar as opinións existentes, da representación do ferreiro ou do peregrino**, polas razóns obvias que se expoñen.

Dada a vocación de servizo que se ofrece na poboación do Foxo, onde case non se ven hórreos, nin fincas ou cortes de animais, en principio hai que interpretar que os habitantes do lugar teñen unha dedicación importante a este sector terciario en contra da predominante na contorna e no conxunto da xurisdicción, que é a gandaría e agricultura.

Este sector composto por “funcionarios” nomeados por quen rexenta o señorío da comarca, comerciantes, profesións liberais, etc., na feligresía de Silleda, corazón de Trasdeza, concentra o maior número de persoal. Os establecementos están situados estratexicamente nos mellores lugares do Camiño Real que conduce desde Santiago a Ourense pola facilidade de subministrarensen todo tipo de mercadorías que poideran transportar os arrieiros.

A existencia de Botica, Administrador de Tabaco, Estanco, Portádego, Estafeta de Correos, revelan efectivamente que **eses símbolos hai necesariamente que relacionalos cun establecemento que leva aparelado un oficio ou servizo imprescindible para atender a demanda dos transeúntes que frecuentaban o paso por este importante enclave.**

A Vara de Medir, debeu ter unha dobre aplicación. Por un lado puido servir como marca ou medida oficial na comprobación dos produtos que se comercializaban na zona, e que non admitían discusión. E por outro, como rótulo indicador que nese establecemento se admitirían para compra ou venda os xéneros, teas, cordas, etc, que foran susceptibles de seren medidos mediante ese sistema.

No traballo de Chamoso Lamas sobre as lousas gremiais das tumbas do cemiterio de Noia, aparecen estes dous elementos,




Dintel da Porta do Ferreiro

a vara e a tixeira, separados ou en combinación con outros signos sempre referidos á profesión ou gremio do difunto. A través do estudo destes signos é posible determinar as actividades profesionais das xentes de Noia. Como base de estudo as representacións máis singulares son, por exemplo, a machada, escadra e compás son dos carpinteiros; as tixeiras e a regra respresentan os tendeiros; a vara de medir como a propia dos mercaderes.

Cabe con este precedente relacionar os gravados dunha maneira conxunta, como pertencente a un establecemento comercial moi importante, onde a actividade principal fose o intercambio das diversas mercadorías que converxían neste quilómetro cero dos arrieiros procedentes dos catro puntos cardinais: Castela, Santiago, Terra de Montes, Carboeiro. Trataríase dun Comercio ao por maior, antecedente do que máis adiante se lle chamou Ultramarinos.

BIBLIOGRAFÍA CITADA. FONTES DOCUMENTAIS

- > ÁLVAREZ LIMESSES G.: *“Geografía General del Reino de Galicia. Provincia de Pontevedra. 1936.*
- > AGRAFOXO PEREZ, X. *Noia: Unha Vila Histórica. Dende a orixe ata a idade moderna.* Santiago. 1987.
- > ANÓNIMO: *Catastro del Marqués de la Ensenada.* Provincia de Pontevedra. Archivo Histórico Provincial de Pontevedra.
- > ANÓNIMO: *Enciclopedia Galega.* 1982.
- > ANÓNIMO: *Concentración Parcelaria.* Agosto 1967.
- > ANÓNIMO: *Diccionario Geográfico-estadístico de España y Portugal.* 1826.
- > BIBLIOTECA GALLEGA. *Los Guerrilleros Gallegos.*
- > CARBALLO ARCEO, L.X.: *Povoamento Castrexo e Romano da Terra de Trasdeza.* La Coruña, 1986.
- > *CONTINUACIÓN DEL ALMACEN DE FRUTAS LITERARIAS O SEMANARIO DE OBRAS INÉDITAS.* Tomo IV. Madrid. Imprenta de Replles. 1818.
- > FARIÑA JAMARDO, X.: *Os Concellos de Pontevedra.* Excma Diputación de Pontevedra.
- > FERNANDEZ REY, M.: *La Torre Fortaleza de Costela y los Sarmientos de Sotomayor.* Descubriendo. Anuario de Estudios e Investigación nº 9. 2007
- > GARCIA BRAÑA, C. JUEGA PUIG, J. DE LA PEÑA SANTOS, A.: *Pontevedra. Planteamiento Histórico y Urbanístico.* Excma. Diputación Provincial de Pontevedra.
- > GÓMEZ BUXÁN, C. RUBIA ALEJOS, F.: *Pazos y Moradas Hidalgas de Deza.* Diputación de Pontevedra. 2005
- > GÓMEZ DE BEDOYA Y PAREDES, P. *Historia Universal de las Fuentes Minerales de España.* 1765.
- > MADDOZ P.: *Diccionario Geográfico- Estadístico-Histórico de España.* 1845.
- > P. JUAN R. LEGISIMA. *Héroes Mártires Gallegos.*
- > REIMÓNDEZ PORTELA, M. ESPÍÑO MATOS, J. SINDE LEMA, M. :*El camino a Santiago por el Sudeste.* Santiago de Compostela. 1993.
- > RIBEIRAS DO MAR ENXOITO. NOIA. 75 ANOS. Deputación de Coruña. 2003.
- > RODRIGUEZ FERREIRO, H.: *La Tierra de Trasdeza. Una Economía Rural Antigua.* Santiago de Compostela-1973.
- > VAZQUEZ CRESPO, A. GONZÁLEZ ALÉN D.: *A Comarca do Deza.* Excma. Diputación Provincial de Pontevedra. 1989.
- > VÁZQUEZ A.: *Silleda, La Tierra de Trasdeza.* Everest. 1981.



O Foxo de Deza

Recreación de servizos.

Séculos XVI a XIX

AGRADECEMENTOS:

Especialmente, a Nico, o meu compañeiro fiel,
a Lino Doporto pola documentación aportada e a súa
compañeira Edilena de Oliveira, polo agarimo e empeño
postos no importante traballo que está a facer, titulado
*“La casa rural. Arquitectura vernácula en el núcleo de O
Foxo de Deza”*.

A Luis Varela, Alfonso Costa, D. Roberto Rivas,
Alberto García, Sira, Segundo Ramos, M^a Luisa Ares, Luis
Sanmartín, Dolores Lázara, e Amalia e M^a Teresa Menéndez
e ao Concello de Silleda, polas súas valiosas aportacións.

1ª edición 2010

Texto: Alfredo Abeledo Penas

Edita: Técnicas & Gramaxe, S.L.

Telf.: 654 39 71 20

D.L.: PO 449-2010

ISBN: 978-84-96368-83-5

Publicación do Centro de Documentación Municipal.
Concellería de Cultura.



Concello de Silleda

Publicación do Centro de Documentación Municipal.
Concellería de Cultura.

O Foxo de Deza

Recreación de servizos.

Séculos XVI a XIX